



BOP

LUNS, 22 DE MAIO DE 2023

N.º 115

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ÁREA DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO “PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2022”. RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o día 21 de abril de 2023, acordou:

Primeiro-Aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva dentro do “Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2022”, de acordo aos criterios de valoración e puntuación que constan na Base 10 das bases da convocatoria.

Segundo. O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulen alegacións e procederase á publicación no BOP e na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Terceiro. Notificar o presente acordo provisional aos beneficiarios de acordo ao previsto nabase 12 das bases da convocatoria, *Acordos de resolución e notificacións*, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.

De acordo cabase 12, *Acordos de resolución e notificacións*. Acordo de resolución provisional, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 097 do venres 28 de abril de 2023 da notificación aos interesados de acordo de resolución provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no BOP de Lugo, para que os interesados poidan presentar alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de carácter provisional de Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 21 de abril de 2023, **terá carácter definitivo por finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións** e en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

Ao abeiro do previsto nabase 12, *Acordos de resolución e notificacións*. das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de resolución definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. O referido anuncio tamén se publicará na páxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org.

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto na base 21. *Réxime de Recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 16 de maio de 2023.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019 P.D. O deputado provincial, PabloRivera Capón.

R. 1535

CONCELLOS
FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 12 de maio de 2023 aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrència ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de abril de 2023.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Folgoso do Courel, 12 de maio de 2023.- A alcaldesa presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 1522

POL

Anuncio

Exposición ao público do expediente de aprobación da Conta Xeral do Concello de Pol do exercicio 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 12/05/2023, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2022, por un prazo de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, durante os cales quen se estime interesado poderá presentar as reclamacións, reparos ou observacións que considere.

Pol, 15 de maio de 2023. O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1525

RIBADEO

Anuncio

Expediente núm.: 1794/2023

BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA ACCESO A POSTOS DE SOCORRISTAS ACUATICOS DE CARACTER LABORAL FIXO-DISCONTINUO

1.-OBJECTO DA CONVOCATORIA.-

O obxecto das presentes bases é a cobertura baixo o réxime de persoal laboral fixo-discontinuo dos seguintes postos:

6 socorristas acuáticos.

2.-CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS:

Grupo. Asimilado a un Grupo C1 de funcionarios.

Clasificación: Cadro de Persoal Laboral fixo discontinuo.

Adscrición: Servizos de Medio Ambiente/Socorrismo

Postos: FD0002/ 10 a 15 da RPT municipal vixente.

3.FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO.

As propias de auxilio e Socorrismo Acuático nas praias do municipio

Calquera outra función propia do seu cargo ou categoría.

Os postos están sometidos ao réxime de incompatibilidades segundo o disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas, no Estatuto Básico do Empregado Público e demais disposicións de aplicación.

4. SISTEMA DE SELECCIÓN: concurso-oposición .

5. NÚMERO DE PRAZAS QUE SE CONVOCAN: Seis (6)

6.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

b) Específicos.

O título de Bacharel, título equivalente ou superior.

Deberá estar en posesión do **título oficial de socorrista acuático coa licenza anual en vigor.**

Deberase acreditar a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia, presentandoo no Concello ou noutro caso copia selada da solicitude formulada.

Aportarase xunto coa solicitude **CERTIFICADO MÉDICO que acredite estar apto para a realización da proba e desempeño das labores de socorrista acuático.**

Todos os requisitos esixidos deben posuílos os/as aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como empregado laboral interino, no seu caso.

c) Dereitos de Exame: Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán ingresar na conta bancaria a nome do Concello IBAN nº ES40 0081 5420 3100 0100 0705 a taxa por dereitos de exame prevista na Ordenanza municipal T7 da taxa por expedición de documentos , epígrafe 8º (BOP de Lugo nº 177 de data 04/08/2022) **por importe de 20,00 €**, debendo aportar xustificante deste ingreso xunto coa solicitude de participación.

7.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS SÚAS BASES.-

A convocatoria anunciarase no BOE e as Bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo e farase pública tamén no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal. www.ribadeo.gal

Os sucesivos anuncios relativos a esta convocatoria publicaranse no tablón de anuncios do Concello e web municipal www.ribadeo.gal.

Non se efecturarán notificacións individuais.

Os aspirantes ás probas obxecto desta convocatoria quedarán enterados do desenvolvemento do proceso mediante as publicacións pertinentes no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal (artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP.)

8.PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.-

Ás instancias, solicitando tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse á Alcaldía-Presidencia.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo debidamente cumprimentadas, durante o prazo **de dez días naturais** (por razón de urxencia dada a proximidade da temporada estival) contados **dende o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no BOE**.

Poderán asimesmo remitirse na forma establecida na Lei Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo común das AA.PP

Para ser admitidas e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, as personas aspirantes manifestarán nas súas solicitudes que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos nestas Bases, referidos sempre como máximo ao día no que remate o prazo de presentación de instancias.

Os aspirantes con minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude.

Á instancia acompañarase **inexcusablemente** a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.
- Titulación, no seu caso, que acredite o cumprimento deste requisito.
- Acompañarase unha relación circunstanciada dos méritos que aleguen pola orde que se estableza na correspondente convocatoria, uníndose a dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas), e non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos, no momento de remate do prazo de presentación de solicitudes.
- Xustificante, no seu caso, do título ou Certificado de idioma galego (CELGA 4 ou superior).
- Resgardo do pagamento das taxas correspondentes.

9.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 5 días, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte de acordo co art. 109.2 da lei 349/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Dita resolución será publicada no Taboleiro de anuncios do Concello e sede electrónica da web municipal. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a listaxe definitiva de admitidos-excluídos, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerárase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

10.DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-

A)Fase de oposición:

1.1.- Exercicio de Idioma Galego

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego dun pequeno texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de dicionario.

Este exercicio cualificarase como APTO ou NON APTO, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou mais.

****Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado,***

correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

1.2.-Proba práctica:

Realizarase unha **proba práctica** sobre o contido do posto de traballo que se vai cubrir co fin de apreciar a formación xeral dos candidatos/as e a súa idoneidade para os postos de socorrismo en praias.

A mesma será a denominada "**proba combinada individual con buceo**" e levarase a cabo nas instalacións da piscina municipal de Ribadeo, consistente en entrada á auga sen fundir a cabeza, estilo socorrista, 50 mts. de estilo libre; 15 mts. de buceo, recollida do maniquí (boneco) e 35 mts. de remolque do maniquí cun tempo límite de 2 minutos e 50 segundos.

Valorarase na execución da proba o tempo de realización da mesma e que non se proceda a respirar polos aspirantes antes de coller o maniquí co obxecto de reproducir as posibles condicións de traballo que poidan plantexarse a un socorrista no traballo habitual.

A puntuación máxima na proba será de 10 puntos.

Para a superación da proba precisarase obter a lo menos 5 puntos.

Esta proba será **obligatoria e terá carácter eliminatorio.**

O tribunal poderá estar asistido por experto asesores na materia.

1.3. Proba teórica escrita:

Consistirá nun exercicio tipo test de **20 preguntas** que versará sobre aspectos xerais da Constitución Española, Administración Local e de Procedemento Administrativo así como sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver (parte xeral e especial sinalada a continuación).

O tempo máximo para realizar esta proba será de 40 minutos.

Este exercicio é **obligatorio e eliminatorio**. Cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar este exercicio obter como mínimo 5 puntos.

Cada resposta correcta terá un valor de 0,50 puntos.

Por cada dúas respostas incorrectas (mal contestadas) descontarase unha.

As respostas en branco non contarán.

a) Parte Xeral:

Tema 1.A Constitución Española de 1978: Estrutura e contido. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

Tema 2.- O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.

Tema 3. As Comunidades Autónomas. A Comunidade autónoma de Galicia. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 4.- A Administración Local. As Entidades Locais. Clases. Competencias. Organización: órganos necesarios e órganos complementarios.

Tema 5. O Municipio. O termo municipal. A poboación. O empadramento.

Tema 6.- O Persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e deberes dos funcionarios.

Tema 7.- O municipio de Ribadeo. Estrutura. Parroquias. Lugares de interese. Praias do municipio.

Tema 8. A Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AA.PP. O Procedemento Administrativo. Título preliminar. Títulos I e II.

b) Parte específica:

Tema 9.- Soporte Vital básico e instrumental e utilización de equipo de oxigenoterapia. RCP e obstrución das vías aéreas por corpo estraño (OVACE).DESA.

Tema 10.- Cadea de supervivencia.

Tema 11.- Traumatismos, Feridas e hemorraxias...

Tema 12.- Transtornos circulatorios.

Tema 13.- Lesións producidas por calor, frío e/ou por axentes químicos.

Tema 14.- Picaduras e mordeduras.

Tema 15.- Intoxicacións e cadros convulsivos.

Tema 16.- Botiquín de primeiros auxilios e a enfermería.

Tema 17.- Intervención prehospitalaria en afogamentos e lesionados medulares no medio acuático.

Tema 18.- Plan de actuación en zonas de baño.

Tema 19.- Salvamento e Socorrismo acuático profesional.

Tema 20.- Accidentes acuáticos

B) Fase de concurso: Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO I** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Cualificaráse o mesmo día ao remate da fase de oposición para aqueles que resultaron aptos nesa fase.

Cualificación final: A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Estará constituído polas seguintes persoas:

Presidente:

Titular e suplente correspondente. Un funcionario ou empregado laboral fixo de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

Vogais: 3 funcionarios ou empregados laborais fixos de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

Secretario: O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O tribunal poderá contar **con asesores na materia** obxecto das probas para o desenvolvemento das mesmas.

O Tribunal queda igualmente autorizado para resolver as dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado laboral interino a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas, neste caso unha.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

A persoa proposta aportará, dentro do prazo dun mes contado a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprido os requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No suposto de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.
- 4.- Certificado de antecedentes penais.
- 5.- Declaración complementaria de conduta cidadá.

6.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

7.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

8.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.

9.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).

8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade e desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

14. SINATURA DE CONTRATO LABORAL.-

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá asinar o contrato laboral quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incurrir por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O nomeamento como empregado laboral de carácter fixo-discontinuo será publicado no BOP de Lugo.

15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-

RDL 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto básico do empregado público.

RDL 2/2015 de 23 de outubro, de aprobación do TR da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 2/2015 de 29 de abril do emprego público de Galicia.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo (artigo 1º.4 de modificación do artigo 16 contrato fixo-discontinuo do TR da Lei do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015 de 23 de outubro.

SEGUNDO. Convocar as probas selectivas correspondentes.

TERCEIRO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas no *Boletín Oficial da Provincia* e na sede electrónica deste Concello [<http://ribadeo.gal/sedelectronica>] e taboleiro de anuncios do Concello.

CUARTO. Publicar un extracto da convocatoria no *Boletín Oficial do Estado*, sendo a data deste anuncio a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de instancias.

QUINTO.- A prosecución dos trámites procedentes para levar a bo termo o proceso selectivo correspondente.

Ribadeo, 10 de maio de 2023.- O ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA.

ANEXO I

FASE DE CONCURSO: BAREMO DE MÉRITOS. MAXIMO 4 PUNTOS

a) Coñecemento e experiencia profesional podendo ser valorada no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

Polo tempo de prestación de servizos en posto e categoría semellante en calquera administración pública ou organismos ou entidades dependentes ou participadas pola mesma, a razón de 0,15 puntos por mes completo acreditado.

A acreditación da experiencia efectuarase documentalmente mediante certificado de servizos emitido polo organismo competente.

b) Cursos: Podendo ser valorados no seu conxunto ata un máximo de 2,00 puntos.

1.- Cursos relacionados co posto de traballo a desempeñar, impartidos pola Administración Pública ou Entidades dela dependentes ou homologados por éstas, coa seguinte valoración:

Cursos de 100 ou mais horas..... 2,00 puntos.

Cursos de 70 a 99 horas..... 1,50 puntos.

Cursos de 40 a 69 horas..... 0,75 puntos.

Cursos de 10 a 39 horas.....0,50 puntos.

Cursos de menos de 10,00 horas..... 0,20 puntos

R. 1526

SARRIA

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de modificación da plantilla e anexo de perosal do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, na sesión extraordinaria do Pleno celebrada o 10 de maio de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Secretaría Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

O expediente de modificación da plantilla e anexo de persoal quedará definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

O expediente de modificación da plantilla e anexo de persoal definitivamente aprobado publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 13 de maio de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1527

Anuncio

Aprobados inicialmente os expedientes de modificación de créditos, suplemento de crédito SC2/2023 e SC3/2023 da Residencia da Residencia de Anciáns "Nuestra Sra. Del Carmen", na sesión extraordinaria do Pleno celebrada o 10 de maio de 2023, en cumprimento do disposto nos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais, o expediente expónse ao público na Intervención Xeral do Concello polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, podendo os interesados examinalo e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

Os expedientes de modificación de créditos quedarán definitivamente aprobados se transcorrido dito prazo de exposición non se presentaran reclamacións. No caso contrario, o Pleno terá un prazo de un mes para resolvelas.

Os expedientes de modificación de créditos definitivamente aprobados publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor coa súa publicación.

Sarria, 13 de maio de 2023.- O Alcalde, Claudio M Garrido Martínez.

R. 1528

O SAVIÑO

Anuncio

Exposición pública do padrón de suxeitos pasivos (contribuíntes) polos conceptos de taxa de recollida de LIXO (urbán), TAXA POLO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA DOMICILIARIA (incluído o canon da auga) e SUMIDOIRO correspondentes ao 3 bimestre do exercicio 2022, aprobado por Decreto de Alcaldía de data 12 de maio do 2023.

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

O prazo de ingreso, en período voluntario, será o comprendido entre o 1 de xuño e o 20 de xullo de 2023, ámbolos dous inclusive. O ingreso do recibo farase en calquera oficina do Banco Santander.

Os recibos dos titulares que non teñan domiciliado o pago, serán enviados os seus respectivos domicilios para que fagan o ingreso. Para as persoas que teñan domiciliado o pago, o Concello remitirá o correspondente recibo á conta de domiciliación.

Vencido o citado prazo en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina que os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 de Lei Xeral Tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo).

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, a falta do seu pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico administrativa ante o órgano económico administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

O Saviño, 12 de maio 2023.- Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1529

VILALBA

Anuncio

De conformidade con lo establecido en el art. 102.3 de la Ley 58/2003, General Tributaria, de 17 de diciembre, se notifican colectivamente las liquidaciones del padrón de Recogida de basuras de la zona rural conforme a la Ordenanza nº 9 reguladora de la tasa por prestación del servicio de recogida de basuras, correspondiente al **EJERCICIO 2022** por importe de 151.007,52 € aprobado por acuerdo de la J.G.L. de fecha 8 de mayo de 2023

El referido Padrón queda expuesto al público en las dependencias municipales durante el plazo de 15 días contados a partir de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia.

Las liquidaciones objeto de notificación colectiva tienen carácter provisional según lo dispuesto en el art. 101.4 de la Ley General Tributaria, y en contra de estas, podrá interponer recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de 1 mes, contado desde el día siguiente a la finalización del plazo de exposición.

Se podrá ejercitar, no obstante, cualquier otro recurso que se considere procedente. Todo esto en virtud de lo establecido en el art. 14.2 del texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales.

De conformidad con lo establecido en los arts. 24 y 25 del Reglamento General de Recaudación aprobado por el RD 939/2005 de 29 de julio, se comunica también que el plazo del ingreso en período voluntario será desde del 1 de junio al 31 de julio de 2023

El ingreso de las deudas se realizará en la cuenta que el ayuntamiento tiene designada al efecto en la oficina de Caixa Rural de esta localidad.

Los recibos domiciliados por los contribuyentes serán cargados directamente por las respectivas entidades bancarias en la cuenta que el ayuntamiento tiene designada al efecto en la oficina de Caixa Rural de esta localidad.

El pago de la tasa se podrá domiciliar para lo sucesivo en cajas de ahorros, bancos y demás entidades financieras. Para este trámite será necesario cubrir un impreso de domiciliación en la oficina municipal de recaudación.

Transcurrido el plazo de ingreso en período voluntario las deudas se harán efectivas por la vía de apremio y serán exigibles los recargos del período ejecutivo y los intereses de demora correspondientes, tal y como estipulan los artículos 26 y 28 de la Ley 58/2003 de 17 de diciembre, General Tributaria y, en su caso, las costas que se produzcan.

Vilalba, 15 de maio de 2023.- LA ALCALDESA, ELBA VELEIRO FERNÁNDEZ.

R. 1530

XERMADE

Anuncio

Asunto: convocatoria bolsa emprego técnico/a traballo social

Por Decreto da Alcaldía núm. 2023-0187 de data 09/05/2023 foron aprobadas as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de técnico/a de traballo social, como persoal funcionario interino.

O prazo de presentación de solicitudes é de dez (10) días naturais dende a publicación do anuncio no BOP. As bases íntegras están publicadas na sede electrónica do Concello de Xermade: <https://concelloxermade.sedelectronica.es/>

Xermade, 15 de maio de 2023.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1531

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓN (BSNS) – XERMADE

Anuncio

BDNS(Identif.):695045

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/695045>)

BASES X PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria que tivo lugar o 10 de maio de 2023, aprobou as bases e a convocatoria do X Premio de Investigación “Xermade na Historia”, cuxo texto íntegro se transcribe literalmente:

“X PREMIO DE INVESTIGACIÓN “XERMADE NA HISTORIA”

O Concello de Xermade e a Asociación de Veciños de Cabreiros, coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela, convocan o X Premio de Investigación “Xermade na historia”, financiado pola Exma. Deputación de Lugo, que será regulado polas seguintes

BASES

1. As persoas interesadas poderán participar tanto a nivel individual como colectivo.
2. Cada autor/a poderá concursar con cantos traballos desexa.
3. Os temas sobre os que poderán versar os traballos deberán estar relacionados co patrimonio etnográfico e cultural do Concello de Xermade (tradicións, festas, ritos, arte popular, lendas, memoria histórica, costumes, literatura oral, arquitectura, etc).
4. Haberádous premios:
 - 1º Premio, dotado con 2.000 euros.
 - 2º Premio, dotado con 1.000 euros.
5. Os traballos deberán ser entregados no rexistro do Concello de Xermade baixo pseudónimo, ou a través de correo postal (nunca telemáticamente). En sobre pechado serán incluídos os datos da persoa participante: Nome, enderezo, teléfono...
6. Coa presentación dos orixinais deberá ser incluída, tamén, a seguinte documentación:
Curriculum Vitae ou, se é do caso, información detallada das características da asociación, colectivo, grupo...

Modelo de presentación debidamente cumprimentado. O modelo poderá descargarse da páxina web do concello: www.xermade.org

7. Deberase entregar o orixinal en papel DIN A4 e copia en CD ou en memoria USB, tanto en formato PDF como en formato editable, fonte Times New Roman, tamaño 12, e entreliñado 1,5.

8. A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 400. As páxinas ocupadas polas notas, bibliografía, mapas, fotografías, etc, tamén se contabilizarán.

9. Os traballos deberán ser realizados e presentados e en lingua galega. A data límite de presentación dos traballos será o día 23 de febreiro de 2024.

10. O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde do Concello de Xermade, e catrovogais: Presidente da Asociación de Veciños de Cabreiros e tres especialistas en materias relacionadas co patrimonio etnográfico e cultural. Actuará como secretario/a un/ha funcionario/a do concello de Xermade. A composición do xuradodeterminarase por resolución de alcaldía que se fará pública antes do 22 de marzo de 2024.

11. Unha vez que o xurado falle os premios, que poderán ser declarados desertos, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación.

12. As persoas premiadas deberán comunicar por escrito ao Concello de Xermade a aceptación do Premio no prazo de oito (8) días naturais a partir da data da comunicación da concesión do mesmo.

13. As obras premiadas poderán ser editadas polo Concello dentro do prazo de cinco (5) anos; transcorrido o mesmo, os seus autores/as disporán delas libremente, pero no momento, se é do caso, da súa publicación, deberán consignar a distinción concedida.

14. A Asociación de Veciños de Cabreiros e o Concello de Xermadepoderán solicitar do autor/a calquera aclaración que estimen conveniente en relación cotraballo. Así mesmo, poderándeixarsen efecto o Premio se o beneficiario incumpre as obrigaciónssinaladasnas presentes Bases.

15. As cuestión non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado de acordocoseu libre criterio.

16. A participación no Premio implica a total aceptación das presentes Bases.”

Faise público para xeralcoñecemento.

Xermade, 15 de maio de 2023.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 1534